



Plan MeCuida. Permiso de ausencia especial

O Goberno do estado prorroga o Plan MeCuida ata o 31 de xaneiro de 2021

[Artigo 6 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 \(BOE nº 73, de 18/03/2020\)](#)

https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-11043

- Trátase de medidas para coidar a quen ten persoas dependentes a cargo.
- Non é un permiso remunerado, pero permite a quen acceda a el quedar na casa sen que por iso poidan ser despedidas ou sancionadas.
- As persoas beneficiarias poderán reducir ata o 100% da súa xornada laboral, ou reorganizala, para afrontar o peche de colexios e doutros centros sociais de atención.
- A modificación de xornada que se solicite limitarase á duración do período excepcional.

Pódense solicitar as seguintes modificacións: cambio de quenda, alteración de horario, horario flexible, xornada partida ou continuada, cambio na forma de prestación do traballo (incluíndo a prestación de traballo a distancia ou calquera outro cambio de condicións dispoñible).

Persoas que pode acceder a este permiso

As persoas traballadoras por conta allea que acrediten deberes de coidado respecto ao cónxuxe ou parella de feito, así como ao respecto dos seus familiares por consanguinidade ata o segundo grao da persoa traballadora terán dereito a acceder á adaptación da súa xornada e/ou á redución da mesma ou, cando concorran as seguintes circunstancias excepcionais relacionadas coas actuacións necesarias para evitar a transmisión comunitaria do COVID-19.

- Sexa necesaria a presenza da persoa traballadora para a atención dalgunha das persoas indicadas no apartado anterior que, por razóns de idade, enfermidade ou discapacidade, necesite de coidado persoal e directo como consecuencia directa do COVID-19.
- Cando existan decisións adoptadas polas Autoridades gubernativas relacionadas co COVID-19 que impliquen peche de centros educativos ou de calquera outra natureza que dispensasen coidado ou atención á persoa necesitada dos mesmos.
- Cando a persoa que ata o momento se encargou do coidado ou asistencia directos de cónxuxe ou familiar ata segundo grao da persoa traballadora non puidese seguir facéndoo por causas xustificadas relacionadas co COVID-19

Procedemento para solicitar o permiso

- A redución de xornada deberá comunicarse á empresa con 24 horas de antelación.
- As adaptacións de xornada deberán solicitarse de maneira "xustificada, razoable e proporcionada", para acomodarse ás necesidades de organización da empresa.